



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Nomeamento de 1 peón forestal, durante 9 meses, para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (Aprol Rural 2023)

**Núm. Admvo. Expte.:** 2023/E001/000002

**Expte. Decreto Núm.:** 2023/G003/000461

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Promoción da Igualdade comunicou a este concello, con data do 19/04/2023, a resolución de concesión dunha subvención por importe de 13.970,00€ para a contratación de 1 persoa a tempo completo por un período de 9 meses, para a ocupación de peón/peoa, co obxecto: Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, empregando a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro da Orde do 09/01/2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 369/2023, de data do 28/04/2023 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 1 peón forestal para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, subvencionado pola Orde do 09/01/2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2023.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para o dito posto (oferta núm. 12-2023-4592).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 400/2023, de 11/05/2023, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, elevándose á definitiva por non haber aspirantes excluídos/as.

Vista a acta de selección do tribunal reunido o día 15/05/2023 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este posto, na que propón ao sr. Alcalde designar a José María Fernández García como peón para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.

Unha vez comprobada a documentación presentada, con data do 23/05/2023, polo aspirante proposto José María Fernández García establecida na base duodécima das bases de selección e sendo a mesma conforme.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

### RESOLVO:

**Primeiro:** Nomear a José María Fernández García, con DNI76346150L como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de peón forestal no programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (Expte. TR351G 2023/000030-1 fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 24/05/2023 ata o 23/02/2024, ámbolos dous incluídos.

**Segundo:** De acordo coa base 10.4 das bases de selección, esta resolución publicarase no Taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretario-interventor acumulado dou fe.

O alcalde,  
Asdo.: José Luis Pérez Añón

O secretario-interventor acumulado  
Asdo.: Francisco Javier Novoa Juiz